


GUÍA PARA NAIS/PAIS E TUTORES DO 1º INTERCAMBIO ESCOLAR ENTRE O IES XOSÉ NEIRA VILAS DE OLEIROS E O COLLÈGE NÔTRE DAME LE MENIMUR DE VANNES.-

LUGAR: Vannes, capital do Departamento do Morbihan na Bretaña francesa e situada a 100 km ao oeste de Nantes, cidade de 60.000 habitantes. <http://www.mairie-vannes.fr/> (atopáse en español)



<http://www.bretagne.com/>



DATAS: Antes das vacacións de Semana Santa, cunha duración aproximada de 12 (datas indicativas do 22 de marzo ao 3 de abril do 2009)

MEDIO DE TRANSPORTE: Autobús con dous conductores, nas viaxes tanto de ida como de volta e cumprindo os requisitos de seguridade. A viaxe farase co Colexio Puga Ramón de A Coruña entre outras razóns están as económicas.



PROFESORES ACOMPAÑANTES: Seguindo as instrucións oficiais e polo número de alumnas/os correspóndelle dous profesores, un deles será o Xefe de Departamento de Francés.

PROGRAMA: Viaxaremos a Vannes onde o alumnado do IES XOSÉ NEIRA VILAS de Oleiros será aloxado nas familias francesas de acollida:

- Contacto diario, no Colexio francés, asistencia a clases, asistencia a actividades preparadas polos centros franceses, aula de informática, biblioteca para a realización do traballo elaborado polo

Departamento para cada nivel, todo sempre cos profesores acompañantes; agás na fin de semana. <http://www.saint-francois-xavier.com/>

- 1ª Excursión para visitar Carnac (<http://www.carnac.fr/>), La Trinitaine e a cidade de Quimper (<http://www.quimper-tourisme.com/>).
- 2ª Excursión para visitar Dinan (<http://www.dinan-tourisme.com/>), Monte Saint Michel (<http://www.mont-saint-michel.net/>) e Saint Malo (<http://www.saint-malo.fr/>).
- En Vannes faranse percorridos guiados pola cidade e visitaremos o Museo Arqueolóxico.
- A Volta pasaremos por Paris e ali aloxarémono en hotel, visitaremos os lugares máis emblemáticos da cidade, faremos unha viaxe polo Sena e o último día iremos a Eurodisney, pola noite emprenderemos a viaxe de volta para chegar a Oleiros o venres día 3 víspera das vacacións de Semana Santa.

PRECIO DA VIAXE: O custo total aproximada é de 450€; cantidade que se irá pagando a prazos; 1º prazo 150 € no momento de formalizar a inscrición para o Intercambio, o 2º prazo será a mediados de Febreiro e o 3º e último prazo a principios de Marzo coa cantidade restante.

BECA: Por parte do Departamento de Francés solicitarase a Beca para axudas á realización de Intercambios Escolares que convoca a Consellería de Educación e O.U..

COLABORACIÓN DA APA: solicitarase a súa colaboración para o alumnado que fai parte dela.

TRABALLOS A REALIZAR POLO ALUMNADO: Como **un Intercambio Escolar non ten nada que ver cunha excursión**, o alumnado realizará pequenos traballos tales como recollida de publicidade, completar uns cuestionarios sobre diversos temas, etc...

DIÑEIRO PERSOAL: Normalmente calculamos que se conte con 6 € por día, cando están cas familias o gasto é mínimo.

ESTADIA DO ALUMNADO FRANCÉS: 2ª semana de maio do 2009.

